


Texto e ilustracións: **DAVID PINTOR**
Encadernado en cartón. 25x17 cm.
64 páxinas a toda cor.
ISBN 978-84-8464-751-5

COMPOSTELA

*...Tome o tempo que precise,
vaia na procura do momento
en que non teña nada que facer nin
nada polo que preocuparse. Saia
da casa, achéguese a esa acolledora
cafetaría que tanto lle gusta.
Pida un café ben quente, e mentres
agarda a que llo sirvan, mire a través
da ventá a fermosa paisaxe que se
amosa...*

(David Pintor)



David Pintor comparte neste caderno de viaxe a súa visión máis persoal dunha das cidades históricas máis fermosas, acolledoras e entrañables, xa non só de Galicia ou de España, senón acaso do mundo enteiro. Coas súas peculiaridades, cos seus contrastes, coas súas sorpresas. Unha bici como medio de locomoción, unha libreta e un rotulador como medio de expresión, e un bo café como incentivo para cada paseo, son os fios condutores deste libro de artista.

A través das súas páxinas, con máis de 30 ilustracións, percorremos a xeografía da cidade: dende os edificios máis antigos ata os máis modernos; prazas, rúas e espazos naturais; recunchos singulares e de visita obrigada... nos que abundan os elementos imaxinarios.

Praza do Obradoiro - Cafetaría do Hostel dos Reis Católicos - Arco de Xelmírez - Catedral de Santiago - Capela da Orde Terceira de San Francisco - Facultade de Xornalismo - Avenida Xoan XXIII - Xardín do Hotel Costa Vella - Rúa das Campás de San Xoán - Rúa Xerusalem - Praza da Quintana - Cafetaría Literarios - Praza dos Irmáns Gómez - Centro Galego de Arte Contemporánea - Parque de Bonaval - Praza de Fonte Seca - Praza da Universidade - Praza de Mazarelos - Arco de Mazarelos - Cafetaría Derby - Rúa Nova - Rúa do Vilar - Ruela Entrerrúas - Travesía do Franco - Porta Faxeira - Alameda

Sentimos o paso devagar do tempo, das nubes, da chuvia ou do sol. E así, os trazos e as cores deste caderno son unha invitación a ver a cidade con outros ollos; ou a coñecer Compostela, a lembrala e, por suposto, a volver.

DAVID PINTOR (A Coruña, 1975)

Humorista gráfico, ilustrador e pintor. Dende 1993 pertence a Pinto&Chinto, que publican as súas viñetas en La Voz de Galicia. Recibiu o premio da Society of News Design. Tamén obtivo o Premio Curuxa do Humor, o Premio Hermes de humor gráfico, o Premio do Salón da Caricatura de Vila Real, o premio Pura e Dora Vázquez de ilustración, o Premio Internacional Bienal Clermont-Ferrand de cadernos de viaxe e o Premio Ilustrador do Ano Città del Sole 2010. Foi seleccionado para participar na Mostra de Ilustradores da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña en 2007, 2010 e 2011; neste último caso, pola obra "Contos para nenos que dormen deseguida".



- **Temática:** caderno de viaxe, libro de artista
- **Idade recomendada:** todas as idades
- **Aspectos destacables:** percorrido visual por distintos espazos da cidade de Santiago de Compostela, con máis de 30 ilustracións
- **Aplicacións:** historia de Compostela, turismo, cultura